

CONVERSA EN REDE ONLINE

Diálogos sobre diseño e procesos creativos para a innovación e a sostibilidade

A Axencia Galega de Innovación e a Fundación DIDAC organizan a primeira cita do ano do ciclo **Conversas en rede**, unha serie de diálogos sobre diseño e procesos creativos para a innovación e a sostibilidade. Nesta ocasión, os profesionais invitados son os deseñadores **María Ramos** e **Pablo Iglesias**

● María Ramos



Deseñadora editorial e de tipografía. Licenciada en Publicidade pola Universidade de Vigo, ao inicio da súa carreira formou parte do equipo creativo de varios estudos de diseño galegos. Traballou como deseñadora gráfica e directora de arte en proxectos multidisciplinares, moitos deles vinculados ao sector editorial. En 2015 licenciouse no Máster en Deseño Tipográfico da Universidade de Reading (Inglaterra). Desde entón traballa como deseñadora de tipografía. É cofundadora de NM type, o selo tipográfico que comparte con Noel Pretorius. Parte do seu labor profesional inclúe tamén a investigación e a redacción de artigos en publicacións especializadas como Typographica ou Alphabettes, grupo do que forma parte desde 2016. Foi xerente da DAG – Asociación Galega de Deseño.

Pablo Iglesias ●

Deseñador en Lavelle Bikes, é enxeñeiro de diseño enfocado na busca da óptima resolución dos proxectos de forma íntegra. Graduado en Enxeñería Industrial e especializado en maquinaria, desenvolve conceptos que cubren unha necesidade desde a idea ata a fabricación, evaluando todas as tecnoloxías dispoñibles e creando o sistema de fabricación. Destaca polas súas capacidades transversais, desde os ámbitos industriais máis estritos ata proxectos con máis compoñente creativo. No que respecta aos procesos de fabricación, destaca nos procesados e no tratamento de metais. O seu traballo recibiu recoñecemento como o CIIG Mejor Startup Industrial do ano 2017 ou o Premio Paraugas 2023 do Clúster da Comunicación de Galicia ao mellor diseño de produto.



Esta conversa, retransmitida en *streaming*, busca abrir unha nova ventá ás tendencias máis efervescentes a nivel global en diversas especialidades do diseño, da man de deseñadores e deseñadoras galegos con gran proxección internacional.

O ciclo de conversas é unha iniciativa desenvolvida no marco da Rede internacional de profesionais do diseño galego, un dos eixes do Programa de Deseño para a Innovación e a Sustentabilidade 2024 – DIFERENZA.



**Formulario
de inscrición**



**Séguenos
vía streaming**



**XUNTA
DE GALICIA**



**DIFER
ENZA**